

Proxecto de orde pola que se desenvolve o Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes

De conformidade coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, a atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constitúe un dos principais retos da política social dos países desenvolvidos.

A Constitución española, no seu artigo 149.1.1ª, atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de toda a cidadanía española no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos seus deberes constitucionais.

A necesidade de garantir á cidadanía e ás propias comunidades autónomas un marco estable de recursos e servizos para a atención á dependencia levou ao Estado a intervir neste ámbito coa regulación contida na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e na súa normativa de desenvolvemento.

O Estado, mediante o Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, regulou as prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A propia natureza do obxecto da Lei 39/2006, do 14 de decembro, require dun compromiso e dunha actuación conxunta de todos os poderes e institucións públicas, polo que a coordinación e cooperación coas comunidades autónomas se converte nun elemento fundamental.

Polo tanto, na atención ás persoas en situación de dependencia xogan un papel fundamental as comunidades autónomas, dentro do ámbito competencial que lles corresponde. En concreto, no artigo 11 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, atribúeselles ás comunidades autónomas a planificación, a ordenación e a coordinación, no ámbito do seu territorio, dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, así como a xestión dos recursos necesarios para iso.

En Galicia, de conformidade co marco competencial exclusivo en materia de asistencia social e baixo o sistema de servizos sociais de Galicia regulado na Lei 13/2008, do 13 de decembro, aprobouse o Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

A través desta norma búscase avanzar no desenvolvemento da atención e prevención da situación de dependencia en aras de garantir unha maior axilidade e eficacia nos procedementos de valoración da dependencia e da elaboración do Programa individual de atención, establecéndose un único procedemento, máis áxil e cunha menor carga burocrática que permita dar unha resposta máis rápida ás demandas da sociedade galega en materia de dependencia.

A disposición derradeira segunda do decreto autoriza a persoa titular da consellería con competencias en materia de servizos sociais para ditar cantas disposicións e actos resulten necesarios para o desenvolvemento e a execución dese decreto.

Tendo en conta o anterior, é preciso desenvolver a través desta orde, o procedemento nun único acto de resolución do grao de dependencia e de aprobación do Programa individual de atención, e garantir unha resposta máis rápida e eficaz ao cidadán recoñecendo na mesma resolución non só o dereito a un servizo senón unha prestación económica vinculada ao servizo mentres non se produza o acceso efectivo ao servizo solicitado, ou no seu caso, a prestación económica de coidados na contorna familiar, de maneira que se garanta unha axeitada resposta ás persoas en situación de dependencia.

É dicir, os obxectivos últimos desta orde viran nun dobre sentido, en primeiro lugar, ao redor da simplificación do procedemento tanto para a cidadanía como para a propia administración, e en segundo lugar, en dar unha resposta máis rápida que garanta a atención ao dependente desde a resolución de recoñecemento da dependencia.

E engádese a necesidade de que o órgano de valoración e asesoramento da dependencia escoite e teña en conta as preferencias da persoa dependente, no marco do establecido na Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, onde se establece que se impón a necesidade de transitar cara a un modelo de protección social baseado no respecto á vontade e preferencias das persoas en situación de dependencia, quen, como regra xeral, serán as encargadas de tomar as súas propias decisións, desexos e preferencias, participando no deseño, planificación e seguimento dos seus apoios e coidados, de forma que se preste unha atención centrada na persoa.

Esta orde consta de 72 artigos, agrupados en 10 capítulos, 2 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 2 disposicións derradeiras.

O capítulo primeiro regula o obxecto e ámbito de aplicación, a rede pública galega de servizos sociais de atención á dependencia integrada por todos os servizos e programas autorizados para a atención a persoas en situación de dependencia dentro do Sistema galego de servizos sociais, así como os dereitos e deberes das persoas beneficiarias e das persoas coidadoras.

O capítulo segundo, dividido en 4 seccións, regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema da Autonomía e Atención á Dependencia. A sección 1ª regula o procedemento xeral, a forma e lugar de presentación das solicitudes, e establece que a persoa interesada poderá indicar na súa solicitude o servizo ou prestación económica á que desexa acceder, e garántese que mentres estea á espera dun servizo público terá dereito a unha prestación económica, regúlase a documentación para prestar simplificándoo no Informe social e o informe médico. Regúlanse os órganos de valoración e asesoramento da dependencia e a resolución conxunta do grao e Do Programa individual de atención, que recoñecerá non só a inclusión no programa de asignación de recursos (en adiante PAR) senón tamén a prestación económica vinculada ao servizo ou a prestación económica para coidados na contorna familiar.

Na sección 2ª regúlase o procedemento para as persoas menores de 3 anos, tendo en conta as características específicas e establecendo a prioridade para a tramitación destes expedientes.

A sección 3ª establece o procedemento para os supostos de emerxencia social

E a sección 4ª regula os procedementos de revisión, diferenciando entre revisión de grao e do Programa individual de atención, cuxo prazo será o xeral de resolución de seis meses, e a revisión de Programa individual de atención que se resolverá en tres meses, e recoñécese a continuidade no Sistema para a autonomía e a atención á dependencia.

O capítulo terceiro, dividido en tres seccións, regula os servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, os requisitos para o acceso aos servizos, as intensidades e a suspensión e extinción dos servizos.

O capítulo cuarto, dividido en catro seccións, dedícase ás prestacións económicas, a sección 1ª define as prestacións económicas, a sección 2ª regula a prestación económica vinculada ao servizo, na sección 3ª a prestación económica para coidados na contorna familiar, establécense os requisitos para o acceso a esta prestación e os requisitos do coidador e na sección 4ª a prestación de asistente persoal, e delimita as condicións de acceso e os requisitos que debe cumprir o asistente persoal.

O capítulo cinco, regula as causas de suspensión e extinción das prestacións económicas.

O capítulo seis, dividido en dúas seccións, ocúpase da cuantificación e xestión das prestacións económicas, a sección 1ª, regula como se determina a capacidade económica da persoa en situación de dependencia e a sección 2ª, dedícase a especificar o procedemento para determinar a contía das prestacións económicas, establecendo a correspondente fórmula segundo o tipo de prestación, determínanse as deducións e a protección adicional da comunidade autónoma

segundo o caso.

O capítulo sétimo determina o réxime de compatibilidades entre as prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

O capítulo oitavo, regula a efectividade do dereito ás prestacións.

O capítulo noveno destínase ao seguimento das prestacións.

O capítulo décimo fai referencia ao réxime de infraccións e sancións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, segundo o establecido no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e do título X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Nas disposicións adicionais a esta orde regúlase a situación relativa aos supostos de desprazamentos da residencia habitual a outras comunidades autónomas e da formación das persoas coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia como accións de formación non formal, información, apoio e orientación ás persoas coidadoras familiares.

As disposicións transitorias desta orde establecen o marco normativo transitorio para os procedementos iniciados antes da data da súa entrada en vigor, a continuidade na prestación de servizos das persoas recoñecidas en situación de dependencia, os requisitos das persoas beneficiarias dos servizos ou das prestacións económicas de atención residencial no referente á idade para o acceso a centros residenciais de atención a persoas maiores en situación de dependencia, e o réxime transitorio para a prestación do servizo de atención de noite polos centros residenciais debidamente acreditados.

De acordo co que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a tramitación desta disposición axústase ao cumprimento dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. A súa tramitación ven precedida da consulta á cidadanía e durante a instrución deuse audiencia e información ás entidades que puideren resultar afectadas por ela. Así mesmo, solicitáronse os informes preceptivos en cumprimento do disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En virtude do exposto, no exercicio das atribucións conferidas segundo o artigo 38 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta orde ten por obxecto desenvolver o Decreto 142/2023, do 21 de setembro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 2. Integración no Sistema galego de servizos sociais

1. A Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, garante a oferta de servizos e prestacións recollidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, integrándoas no Sistema galego de servizos sociais.

2. De conformidade co artigo 14 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, os servizos do catálogo terán carácter prioritario e serán prestados, directa ou indirectamente, pola comunidade autónoma, a través da oferta pública da rede de servizos sociais de atención á dependencia.

Integran a rede pública galega de servizos sociais de atención á dependencia todos os servizos e programas autorizados para a atención a persoas en situación de dependencia dos que sexan titulares a Xunta de Galicia, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, así como o servizo de axuda no fogar de titularidade municipal, ben sexan xestionados de forma directa ou mediante concesión, concerto ou convenio específico, ou calquera outro servizo e programa que, con independencia da súa titularidade e debidamente autorizado, se integre na rede.

3. De non ser posible a atención mediante algún destes servizos e programas ou cando a persoa interesada así o solicite, procederá o recoñecemento da prestación económica vinculada ao servizo. O servizo, centro ou programa deberá estar autorizado para a atención á dependencia polo organismo competente en materia de servizos sociais.

En consecuencia, a través daqueles recursos sociais de titularidade das entidades locais non mencionados expresamente no punto segundo ou a través daqueles de titularidade privada en relación ás prazas das que dispoñan sen concerto ou convenio coa Administración autonómica, e que contén coas autorizacións regulamentarias para a prestación de servizos sociais ou

sociosanitarios para a atención a persoas en situación de dependencia, poderá prestarse a atención ás persoas beneficiarias da prestación económica vinculada ao servizo de acordo cos requisitos e o procedemento previsto nesta orde.

Artigo 3. Dereitos e deberes das persoas beneficiarias, das persoas coidadoras e/ou das persoas representantes

1. As persoas beneficiarias e as persoas coidadoras terán os seus dereitos como usuarias do Sistema galego de servizos sociais, segundo o disposto no artigo 6 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

2. Son deberes das persoas beneficiarias con carácter xeral as sinaladas no artigo 7 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e en particular:

a) Facilitar toda a información e datos que lle sexan requiridos e que resulten necesarios para recoñecer ou manter o dereito ás prestacións do sistema.

b) Destinar o importe da prestación á finalidade para a cal se lle concedeu, así como xustificar a súa aplicación.

c) No seu caso, participar no pago do custo do servizo nos termos que estableza a normativa que os regule.

d) Comunicar ao departamento territorial correspondente da consellería con competencias en materia de servizos sociais calquera variación da súa situación con respecto a aquela sobre a cal se concedeu a prestación, no prazo máximo de 30 días naturais a contar desde que dita variación se produza.

e) Comunicar ao departamento territorial que corresponda da consellería con competencias en materia de servizos sociais, cun prazo previo de 30 días naturais, os traslados da súa residencia habitual, tanto aqueles de carácter temporal superiores a 30 días ou definitivos que se produzan dentro da mesma ou diferente localidade, a outra comunidade autónoma e ao estranxeiro.

f) Facilitar cantas comprobacións ou visitas á súa residencia habitual sexan necesarias para verificar o cumprimento dos requisitos e circunstancias esixidas para ser persoa beneficiaria das prestacións.

3. Se a persoa beneficiaria incumprirea as obrigas establecidas no apartado anterior e, como consecuencia de tal incumprimento, se derivasen contías indebidamente percibidas da prestación recoñecida ou unha interrupción da participación ou unha participación insuficiente no custo dos servizos, estará obrigada ao seu reintegro ou abono da diferenza que corresponda;

todo iso sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador que, no seu caso, corresponda segundo o disposto no capítulo XI desta orde.

CAPÍTULO II

Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia

Sección 1ª. Procedemento xeral

Artigo 4. Presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (Anexo III), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes presentadas por profesionais da administración pública no exercicio da súa actividade profesional en representación da persoa interesada, deberanse presentar a través de medios electrónicos, mediante o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>., de acordo co establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 5. Manifestación de expectativas

A persoa interesada indicará na solicitude normalizada o servizo ao que desexa acceder, ou no seu caso, a prestación económica vinculada a ese servizo ou a que máis se adecúe á súa situación, incluída a prestación económica para coidados na contorna familiar.

Garantirase ao cidadán, cando solicite un servizo público, ou mentres non se produza o acceso ao servizo solicitado, unha prestación económica, a menos que renuncie expresamente á mesma.

Artigo 6. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Informe das condicións de saúde emitido por persoal facultativo colexiado, segundo Anexo IV desta orde.

b) Informe Social Unificado emitido por unha traballadora ou traballador social do sistema público de servizos sociais ou de saúde, segundo Anexo V desta orde.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario presentar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración.

Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideron obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa presentación.

2. De ser o caso, deberase achegar o documento acreditativo da representación. Cando a solicitude sexa presentada e asinada polo gardador/a de feito dita circunstancia servirá como declaración ante a Administración.

3. No caso de persoas emigrantes retornadas débese achegar o certificado de emigrante retornado expedido na Delegación do Goberno ou a correspondente baixa consular.

4. No caso da prestación económica vinculada ao servizo e da prestación económica de coidados na contorna familiar achegarse, ademais, orixinal ou copia do certificado onde conste o código IBAN da conta bancaria na que figure a persoa en situación de dependencia e, no seu caso, a persoa titora ou a persoa representante, como persoa cotitular ou autorizada.

5. No caso da prestación económica de asistencia persoal achegarse, ademais, a seguinte documentación:

a) Orixinal ou copia do certificado onde conste o código IBAN da conta bancaria na que figure a persoa en situación de dependencia e, no seu caso, a persoa titora ou a persoa representante, como persoa cotitular ou autorizada.

b) Compromiso de alta na seguridade social do profesional que presta a asistencia persoal segundo o Anexo VI.

6. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

7. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Artigo 7. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao comezo do expediente, accedendo ao cartafol cidadán da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os citados trámites de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 8. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante

Cando a persoa solicitante sexa menor de idade e non dispoña de DNI consultarase o certificado de nacemento do rexistro civil.

b) DNI ou NIE da persoa representante ou do/a gardador/a de feito.

c) Certificado de residencia legal no caso de persoas estranxeiras.

d) Certificado de empadramento actual da persoa solicitante.

e) Certificado de empadramento histórico da persoa solicitante.

De acordo co artigo 2.1.c) do Decreto 142/2023, cando a persoa solicitante sexa un menor de cinco anos consultarase o empadramento histórico de quen exerza a súa garda e custodia.

f) Certificado do grao de dependencia, da persoa solicitante no caso de expedientes trasladados doutras comunidades autónomas.

g) Certificado do grao de discapacidade da persoa solicitante.

h) Certificado de defunción do rexistro civil da persoa solicitante.

i) Consulta do Informe Social Unificado da persoa solicitante dispoñible na Historia Social Única Electrónica.

l) Certificación de datos catastrais.

m) Certificado de titularidade e de datos de bens catastrais da persoa solicitante.

n) Certificado da declaración renda (IRPF) da persoa solicitante.

ñ) Certificado das prestacións do Rexistro de prestacións sociais públicas, incapacidade temporal e maternidade, calquera que sexa o seu réxime (Seguridade Social, MUFACE, ISFAS, MUGEJU, ...) da persoa solicitante.

o) Certificado da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) da persoa solicitante.

p) Historia Clínica do SERGAS da persoa solicitante.

2. Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada así o faga constar a través do Anexo VII relativo a comprobación de datos do cónxuxe ou parella de feito, da/s persoa/s a cargo e da persoa coidadora da persoa solicitante de dependencia:

a) DNI ou NIE.

b) Certificado de residencia legal no caso de persoas estranxeiras.

c) Certificado de empadramento actual.

d) Certificado do grao de dependencia.

e) Certificado do grao de discapacidade.

f) Certificado da declaración renda (IRPF).

g) Certificado das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade, calquera que sexa o seu réxime (Seguridade Social, MUFACE, ISFAS, MUGEJU, ...).

h) Certificado da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA).

3. Non será necesario a consulta do padrón cando as persoas solicitantes están a ser atendidas dentro do sistema público de servizos sociais (residencia, centro de día, axuda no fogar) da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e presentar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

5. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento correspóndelle ao departamento competente en materia de dependencia, de acordo co previsto no decreto de estrutura orgánica da consellería con competencias en materia de servizos sociais

Artigo 10. Requirimento de documentación

1. O órgano instrutor requirirá, de ser o caso, á persoa interesada para que achegue, no prazo máximo de 10 días hábiles desde o día seguinte á notificación do requirimento, a documentación necesaria e complementaria que non obre en poder da Administración para a valoración da situación de dependencia e a elaboración do Programa individual de atención. Se non o fixese, terase por interrompido o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

2. Transcorrido o prazo de tres meses sen que a persoa solicitante achegue a documentación requirida, a Administración declarará a caducidade do procedemento e acordará o arquivo das actuacións de acordo co establecido no artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 11. Ditame proposta sobre o grao de dependencia e o Programa de Individual de Atención.

1. Os órganos de valoración e asesoramento da dependencia realizarán a valoración integral, tendo en conta os resultados da aplicación polo persoal técnico dos baremos de valoración de

dependencia establecidos normativamente, o exame das condicións de saúde reflectidos nos informes, o informe social correspondente ao expediente de Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia e outros informes sociais de que se dispoña, e emitirá ditame proposta que conterá como mínimo:

a) diagnóstico, puntuación do baremo, o grao de dependencia.

b) carácter permanente ou revisable do grao de dependencia de acordo ao seguinte:

1º. No caso de menores de 3 anos a valoración terá carácter non permanente, establecéndose revisións de oficio periódicas cando os/as menores cumplan 6, 12, 18, 24 e 30 meses. Aos 36 meses todos os/as menores deberán ser de novo avaliados/as co baremo recoñecido normativamente aplicable para a súa idade.

2º. No caso de menores de 3 a 18 anos, estableceranse revisións de oficio, como mínimo, unha revisión por cada tramo de idade no que se divide o baremo segundo os criterios establecidos no Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

3º. Nos demais casos, establecerase un prazo máximo no que se deberá efectuar a primeira revisión do grao resolto cando sexa necesario, en función das circunstancias concorrentes.

c) A proposta do Programa Individual de Atención, que terá en conta as expectativas ou necesidades de atención a través dos servizos ou das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia manifestadas pola persoa interesada.

Esta consulta terá carácter orientador para o Órgano de Valoración e Asesoramento da Dependencia, non sendo vinculante para o mesmo.

A proposta do Programa Individual de Atención incluírá o recurso do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia asignado e, no seu caso, aquel ou aqueles recursos que lle correspondan ao interesado mentres non se produza a efectividade do recurso asignado.

No caso dos servizos indicará a participación da persoa beneficiaria no custo dos mesmos e no caso das prestacións económicas indicará as contías e data e inicio das mesmas.

2. Non será preciso o trámite de audiencia á persoa interesada de conformidade co previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta para a emisión da resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas pola persoa interesada.

3. Os órganos de valoración e asesoramento da dependencia elevarán á persoa titular do departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais o ditame proposta sobre o grao de dependencia e sobre o Programa de Individual de Atención., de réxime xurídico do sector público, que sexa de aplicación.

Artigo 12. *Resolución*

1. A persoa titular do departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais ditará a correspondente resolución, que determinará o grao de dependencia da persoa solicitante e aprobará o Programa individual de atención.

2. O Programa individual de atención incluírá o servizo do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia asignado e, no seu caso aquela prestación económica que lle corresponda á persoa interesada mentres non se produza a efectividade do servizo asignado.

Salvo que a persoa interesada manifeste expresamente a súa oposición, resolverase conxuntamente a súa inclusión no Programa de Asignación de Recursos (en adiante PAR) e a prestación económica vinculada a ese ou outro servizo, ou a prestación económica para coidados na contorna familiar.

O órgano de valoración e asesoramento da dependencia poderá ditaminar que o Programa individual de atención consista na inclusión no PAR a servizos distintos e a percepción da prestación económica solicitada pola persoa en situación de dependencia, sempre que se trate de recursos idóneos.

No caso do servizo indicará a participación da persoa beneficiaria no custo do mesmo e no caso da prestación económica indicará a contía e data de inicio da mesma.

3. No suposto en que a modalidade ou modalidades de intervención determinadas sexan distintas á valoración efectuada pola traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios do domicilio da persoa solicitante, do sistema de saúde ou dos servizos sociais especializados públicos, deberá xustificarse expresamente na resolución a motivación da modalidade de intervención.

4. Nos casos que se determine necesario, en función das circunstancias concorrentes, determinarase o prazo máximo en que se deba efectuar a revisión do grao de dependencia que se declare e/ou do Programa individual de atención.

5. O prazo máximo para ditar resolución e para practicar a súa notificación será de seis meses a contar desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.
2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.
3. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta ao dispor das notificacións mediante o correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Silencio administrativo*

No suposto do vencemento dos prazos máximos establecidos sen ditarse resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da obrigaón da Administración de resolver expresamente.

Artigo 15. *Reclamacións*

Contra a resolución deste procedemento a persoa interesada poderá interpoñer, dentro dos trinta días seguintes ao da súa notificación, reclamación previa á vía xurisdiccional social, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, de xurisdición social, ante a persoa titular da dirección territorial que ditou o acto, a cal deberá resolver no prazo de 45 días.

Sección 2ª. Procedemento para as persoas menores de 3 anos

Artigo 16. Prelación dos expedientes das persoas menores de 3 anos

Debido ás características específicas do recoñecemento da situación de dependencia das persoas menores de 3 anos, establécese a prioridade na tramitación destes procedementos para evitar a demora e interferencia nos prazos de revisión de oficio sinalados polo Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, con especial incidencia nos recentemente nados e co fin de que as persoas interesadas poidan acreditar a situación de dependencia do/da fillo/a menor, a efectos da ampliación período de suspensión do contrato ou permiso por nacemento e, no seu caso, dos correspondentes subsidios, segundo o disposto no punto 4.b) da Resolución do 4 de febreiro de 2010, da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, en materia de órganos e de procedemento.

Artigo 17. Prazos para a resolución do grao de dependencia e do Programa Individual de Atención

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución dos procedementos das persoas menores de 3 anos será de 40 días hábiles contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.
2. Os efectos económicos produciranse a partir do día seguinte á data da resolución, ou de ser o caso, desde o día seguinte á data en que se cumpra o prazo máximo establecido no apartado anterior.

Artigo 18. Recoñecemento da situación de dependencia

No recoñecemento da situación de dependencia terase en conta o seguinte:

- a) O ditame do órgano de valoración terá en conta o informe de condicións de saúde.
- b) Segundo o disposto no anexo II do Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, serán obxecto de valoración en persoas menores de 3 anos, as situacións orixinadas por condicións de saúde de carácter crónico, prolongado, de longa duración ou de frecuente concorrencia.

Artigo 19. Menores de seis meses de baixo peso ao nacer (especialmente prematuros)

A efectos do recoñecemento do grao de dependencia estarase ao seguinte:

- a) Valórase o peso ao nacemento, para o cal se require o correspondente informe de saúde que acredite esta información.
- b) Cando o peso sexa inferior a 1.100 g, o expediente pasarase directamente á fase de ditame proposta, sen necesidade de aplicación do baremo establecido normativamente, cun grao de dependencia III. Excepcionalmente, nestes expedientes poderase levar a cabo a aplicación da escala de valoración específica para os menores de tres anos (EVE) durante os 5 primeiros días do prazo total establecido para resolver o grao de dependencia.
- c) Cando o peso estea entre 1.100-1.500 g, o grao de dependencia corresponderase co grao II, aínda que se debe valorar a existencia doutras circunstancias que puidesen supoñer un maior grao de dependencia. Estes expedientes requiren a aplicación do baremo establecido normativamente, procedendo a realizarse a valoración entre o sexto e o décimo segundo primeiros días do prazo total establecido para resolver o grao de dependencia.
- d) Cando o peso sexa superior a 1.500 e inferior a 2.200 g, debe aplicarse a EVE, para os efectos de valorar a situación de dependencia. Estes expedientes requiren a aplicación do baremo establecido normativamente, procedendo á valoración entre o sexto e o décimo segundo día do prazo total establecido para resolver o grao de dependencia.

Artigo 20. Menores de tres anos que utilicen medidas de soporte para funcións vitais

Os expedientes de menores de tres anos que utilicen medidas de soporte para funcións vitais (alimentación parenteral exclusiva, respirador mecánico, ...) pasarán directamente á fase de ditame proposta cun grao de dependencia III, sen necesidade de aplicación do baremo establecido normativamente.

Artigo 21. Expedientes que requiran aplicación da Escala de Variación Específica

Nos demais supostos aos sinalados nos artigos anteriores, requirirase a aplicación da EVE segundo o seguinte:

- a) Realizarase sempre a aplicación do baremo establecido na normativa de aplicación.
- b) A través de protocolos de colaboración entre a consellería con competencias en materia de servizos sociais e outras consellerías ou administracións, que teñan por obxecto a aplicación do baremo establecido na normativa de aplicación, a valoración poderá ser levada a cabo polos seguintes profesionais:
- Persoal valorativo o equipo técnico.
 - Profesionais con perfil sanitario e social da unidade de neonatoloxía.

- Profesionais con perfil sanitario e social do servizo de pediatría.
- Profesionais con perfil sanitario e social do servizo de atención temperá.
- Outro persoal técnico que se determine nos convenios, acordos ou protocolos que estableza a consellería con competencias en materia de servizos sociais con outros departamentos, administracións ou institucións.

Sección 3ª. Procedemento para os supostos de emerxencia social

Artigo 22. Prelación dos expedientes en situación de emerxencia social

1. De conformidade co artigo 17 do Decreto 142/2023, do 21 de setembro, daráselle prioridade na tramitación ao correspondente procedemento, mediante resolución motivada da persoa titular do departamento territorial da consellería competente en materia de servizos sociais e logo do ditame técnico do órgano de valoración e asesoramento da dependencia, unha vez analizado o informe social e de saúde que acredite estas circunstancias, cando así o aconsellen razóns de interese público debidamente documentadas e obxectivadas que supoñan:

- a) Unha situación de desamparo ou abandono.
- b) Malos tratos físicos e/ou psíquicos.
- c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica.

2. A consellería con competencias en materia de servizos sociais establecerá protocolos de coordinación coas demais consellerías, organismos e institucións para a xestión das situacións de emerxencia social e o establecemento dos copagos dos servizos asignados por emerxencia social.

Artigo 23. Documentación

Para os efectos do inicio da tramitación de emerxencia social, deberase presentar:

- a) A solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, segundo o modelo do anexo III desta orde.

A solicitude deberá remitirse debidamente cuberta e asinada pola persoa interesada, a persoa representante ou, no seu caso, dilixenciada pola traballadora ou traballador social de referencia. De consideralo necesario, debido ás circunstancias observadas, a traballadora ou traballador social de referencia cursará no mesmo instante a debida comunicación ao Ministerio

Fiscal para os efectos oportunos.

b) Informe de condicións de saúde e informe social emitido pola traballadora ou traballador social de referencia, e demais documentación que se considere necesaria, para os efectos de que se xustifique a situación de emerxencia segundo o artigo 22 desta orde.

c) Autorización para a consulta e comprobación dos seus datos económicos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 24. Declaración da tramitación pola vía de emerxencia social

1. No prazo máximo de 48 horas desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver o expediente, e en base á documentación indicada no artigo anterior, o órgano de valoración e asesoramento do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia emitirá ditame técnico no que se propoñerá a tramitación do expediente pola vía da emerxencia social, previa acreditación dos supostos establecidos, e determinará a modalidade de intervención máis axeitada ás necesidades de atención da persoa, preferentemente o servizo de atención residencial ou do servizo de axuda no fogar.

2. O ditame será elevado ao titular da unidade administrativa responsable da tramitación do expediente, que declarará mediante acordo motivado a procedencia ou non de tramitación de emerxencia social no prazo máximo de 72 horas desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver o expediente. No caso de que non se aprecien causas xustificativas que motiven a tramitación do procedemento de emerxencia social, continuarase coa súa tramitación pola vía ordinaria e segundo a orde de entrada da solicitude.

Artigo 25. Asignación do recurso

1. Unha vez declarada a emerxencia resolverase no prazo máximo de 48 horas, pola unidade xestora competente, o acceso ao recurso determinado como modalidade de intervención máis axeitada, que con carácter xeral será o de atención residencial ou do servizo de axuda no fogar.

2. Con carácter excepcional, nos supostos en que a asignación do recurso sexa necesaria de forma inmediata, procederase, a través da unidade xestora do recurso, a proporcionar o devandito acceso e deben confirmarse, posteriormente e no prazo máximo de 48 horas desde asignación do recurso, a situación de emerxencia mediante resolución motivada do/a respectivo/a director/a territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais.

3. Tramitada a emerxencia social, o expediente deberá continuarse coa tramitación ordinaria de

valoración de grao e aprobación do Programa Individual de Atención.

4. A asignación do recurso por este procedemento impide que se poida tramitar un traslado de centro, salvo circunstancias especiais debidamente motivadas e acreditadas.

Artigo 26. Continuación do procedemento

1. Unha vez proporcionado o recurso axeitado continuarase coa tramitación do procedemento ordinario segundo o disposto na sección 1ª deste capítulo, para os efectos de complementar os trámites oportunos sinalados para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, debendo completarse toda a documentación obrigatoria disposta no artigo 6 desta orde.

2. Para estes efectos a asignación do recurso por tramitación de emerxencia social poderá ter carácter provisional, en tanto non se resolva o procedemento pola vía ordinaria ou se constate unha variación nas condicións que deron lugar a unha das situacións ás que se refire o artigo 22 desta orde para determinar a emerxencia social, nese caso dará lugar á revisión do recurso asignado.

3. Se, tras a súa valoración, resultase unha situación de non dependencia ou un grao de dependencia non compatible co recurso asignado, derivarase o expediente á unidade competente da consellería con competencias en materia de servizos sociais en función do recurso asignado.

4. Unha vez asignado o recurso polo procedemento de emerxencia social, estarase ao establecido na sección 1ª deste capítulo.

Sección 4ª. Procedemento de revisión

Artigo 27. Solicitudes de revisión do grao e do Programa Individual de Atención

1. Serán de aplicación ao procedemento de revisión do grao as normas establecidas nesta orde e no Decreto 142/2023, do 21 de setembro para o procedemento de resolución de grao.

2. O prazo para ditar e notificar a revisión de grao e no seu caso, do Programa Individual de Atención será de seis meses dende o inicio do procedemento.

Artigo 28. Solicitudes de revisión do Programa Individual de Atención

1. Serán de aplicación ao procedemento de revisión do Programa Individual de Atención as normas establecidas nesta orde e no Decreto 142/2023, do 21 de setembro para o procedemento de elaboración do mesmo.
2. O prazo para resolver a revisión do Programa individual de atención será de tres meses desde o inicio do procedemento.
3. Os efectos económicos produciranse a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data da resolución en que se recoñeza a concreta prestación económica ou, de ser o caso, desde o día seguinte á data en que se cumpra o prazo máximo de tres meses sen que se notificase a resolución expresa de recoñecemento da prestación, cando esta fose estimatoria.

Artigo 29. Continuidade no Sistema de Atención á Dependencia

1. Con carácter xeral, despois da aprobación do Programa Individual de Atención no procedemento de revisión de oficio pola propia Administración ou por instancia da propia persoa interesada ou de quen exerza a súa representación, garantirase a continuidade da prestación económica e/ou servizo concedido ata a efectividade do novo Programa individual de atención sempre que se cumpran todos os requisitos conforme os cales foi recoñecida.
2. Poderase permanecer no PAR con independencia de que se solicite unha prestación económica mentres non acceda ao servizo.
3. Se, debido a circunstancias sobrevidas e motivadas, é precisa a prestación dun servizo/prestación económica distinto ao concedido inicialmente e de xeito inminente, a resolución pola que se aproba a revisión do Programa individual de atención terá efectos desde a data en que se extinga o anterior servizo/prestación, sempre que a persoa beneficiaria cumpra coa súa obriga de comunicación segundo o disposto no artigo 3.2 desta orde.
4. Se a persoa interesada non cumpre coa súa obriga de comunicación segundo o disposto no artigo 3.2 desta orde, e debido a circunstancias sobrevidas e motivadas é precisa a prestación dun servizo/prestación económica distinto ao concedido inicialmente e de xeito inminente, a resolución pola que se aproba a revisión do Programa individual de atención terá efectos desde a súa data, sempre que o novo servizo/prestación económica sexa idóneo como modalidade de intervención axeitada ás necesidades de atención da persoa en situación de dependencia.
5. En todo caso, o órgano de valoración da dependencia valorará as circunstancias de cada caso concreto para os efectos de determinar o cumprimento dos requisitos establecidos para cada tipo de servizo/prestación económica así como a súa adecuación ás necesidades de atención da persoa beneficiaria, conforme o cal determinará a aprobación do Programa individual de atención segundo os efectos sinalados nos puntos anteriores.

6. Cando unha persoa usuaria do servizo de axuda no fogar se traslade de concello, solicite o mesmo servizo e sexa a modalidade de intervención axeitada, terá dereito á continuidade no concello de destino. Cando o concello de destino non dispoña de horas para a prestación efectiva do servizo, a dirección xeral competente en materia de dependencia trasladará as horas do concello de orixe ao de destino.

Para estes efectos a revisión do Programa individual de atención para a inclusión no PAR e a asignación de horas terán carácter prioritario.

7. Cando se acredite que, por circunstancias sobrevidas debidamente motivadas, se necesite a prestación do Servizo público de axuda a domicilio de xeito urxente, e se determine como modalidade de intervención axeitada, a tramitación da revisión de Programa individual de atención e asignación terán carácter prioritario.

CAPÍTULO III

Servizos do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia

Sección 1ª. Servizos do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia

Artigo 30. Servizos do Sistema de Autonomía e atención á Dependencia

1. O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia comprende, segundo as prioridades que estableza o Programa individual de atención, os servizos que se integran na carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

2. Os centros e servizos citados estarán suxeitos ao previsto na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia que regule a calidade, condicións e réxime de prestación dos servizos.

3. A prevención será prioritaria para as persoas en situación de dependencia en grao I, ao obxecto de previr o agravamento do seu grao de dependencia, polo que debe formar parte de todas as actuacións que se realicen no ámbito do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia.

Sección 2ª. Requisitos para o acceso ás prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia e intensidades

Artigo 31. Requisitos para ser persoa beneficiaria

Poderán ser persoas beneficiarias das prestacións reguladas nesta orde as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter recoñecida a situación de dependencia nalgún dos graos establecidos na Lei 39/2006, do 14 de decembro.
- b) Que a prestación sexa determinada no Programa Individual de Atención; como a modalidade de intervención máis axeitada, segundo as necesidades de atención da persoa en situación de dependencia.
- c) Que se acredite o cumprimento dos requisitos específicos para o acceso ás prestacións que correspondan en cada caso, conforme á normativa vixente.
- d) Que a percepción da prestación se adecúe ao réxime de compatibilidades regulado no capítulo VII desta orde.

Artigo 32. Intensidades dos servizos

A intensidade dos servizos do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia establecerase no correspondente Programa individual de atención. A intensidade determinarase polo contido prestacional de cada un dos servizos asistenciais e pola súa duración ou extensión segundo o grao de dependencia recoñecido, nos termos establecidos nos artigos seguintes.

Artigo 33. Intensidade dos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal

1. As persoas en situación de dependencia nalgún dos graos establecidos, poderán recibir servizos de prevención co obxecto de manter a súa autonomía e atrasar o posible agravamento da súa dependencia, incluíndo esta atención nos programas de teleasistencia, axuda no fogar, nos servizos de atención diúrna e de atención residencial.

Estes servizos poderán prestarse nos diferentes centros autorizados no Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (en adiante RUEPSS) que configuran a actual oferta da Rede galega de servizos sociais de atención á dependencia, segundo o disposto no artigo 2 desta orde.

2. Os servizos de prevención das situacións de dependencia tamén poderán estar orientados a afrontar circunstancias adversas e críticas, situacións de especial risco que poden agravar a situación de dependencia dunha persoa. Circunstancias tales como, entre outras, a aparición de alteracións na saúde mental, a aparición de enfermidades graves, tanto na persoa como nas

persoas coidadoras non profesionais, e aparición de situacións traumáticas e procesos de cambio.

3. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior e de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, a Comunidade Autónoma de Galicia elaborará plans de prevención das situacións de dependencia, nos que se determinarán as intensidades dos servizos de prevención, segundo os criterios que se establezan no Consello Territorial do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia.

4. Estes servizos serán os establecidos no Decreto 149/2013, do 5 de setembro.

A intensidade dos servizos será a seguinte:

Grao de dependencia	Dedicación completa
Grao III	46-70 horas/mes
Grao II	21-45 horas/mes
Grao I	Min 12 horas/mes

5. Dentro dos servizos da prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal, o servizo de atención temperá configúrase como o conxunto de actuacións preventivas, de diagnóstico e de intervención que de xeito coordinado se dirixen á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e á súa contorna, que teñen por finalidade dar resposta, o máis pronto posible, ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco de padecelos. Ditas actuacións, que deben considerar a globalidade do neno ou da nena, han de ser programadas e executadas por equipos multidisciplinares.

Serán persoas beneficiarias os nenos e nenas de 0 a 6 anos aos que se detecte algún tipo de limitación na actividade, discapacidade, trastorno no desenvolvemento ou risco de padecelos, sen prexuízo de que a faceta preventiva deba estenderse tamén a todo o ámbito familiar, así como á súa contorna próxima cando se considere procedente.

Estableceranse programas de atención temperá orientados á prevención, á consecución do nivel óptimo do desenvolvemento evolutivo do neno e da nena, e á redución das consecuencias negativas das discapacidades, alteracións e trastornos do desenvolvemento. As estratexias de atención temperá realizaranse, preferentemente, na contorna normalizada no que se desenvolve a vida do neno ou da nena.

A faceta preventiva debe estenderse tamén ao ámbito familiar, así como á súa contorna próxima, cando se considere procedente, considerando ambos os ámbitos como parte do programa de intervención.

As técnicas e programas estarán destinadas ao:

- a) Desenvolvemento psicomotor.
- b) Desenvolvemento cognitivo.
- c) Desenvolvemento da linguaxe e a comunicación.
- d) Desenvolvemento da autonomía.
- e) Desenvolvemento da área social e afectiva.
- f) Apoio, información, habilitación e formación da familia.

Para este servizo establécese a seguinte intensidade para dedicación completa:

Grao de dependencia	Horas de atención
Grao III	16 horas/mes
Grao II	10 horas/mes
Grao I	Min 6 horas/mes

6. Servizo de supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais para persoas en situación de dependencia de grao I:

A intensidade deste servizo será de 720 horas/mes.

Artigo 34. *Intensidade do servizo de teleasistencia.*

1. O servizo de teleasistencia facilitará a asistencia ás persoas beneficiarias de forma ininterrompida, mediante o uso da tecnoloxía da información e da comunicación, con apoio dos medios persoais necesarios, en resposta inmediata ante situacións de emerxencia, inseguridade, soidade e illamento.

2. O servizo de teleasistencia prestarase como servizo complementario ao resto de prestacións contidas no Programa individual de atención salvo no caso de servizo de atención residencial ou prestación económica vinculada a este servizo. Con todo, recoñecerase o servizo de teleasistencia mentres non sexa efectivo o servizo de atención residencial ou prestación económica vinculada a este servizo.

Artigo 35. Intensidade do servizo de axuda no fogar

1. O servizo de axuda no fogar constitúe o conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia a fin de atender ás necesidades da vida diaria e incrementar a súa autonomía, posibilitando a permanencia no seu domicilio.

2. O servizo de axuda no fogar inclúe a atención persoal na realización das actividades da vida diaria e a cobertura das necesidades domésticas mediante os servizos previstos no artigo 23 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e os que se establecen na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A intensidade do servizo de axuda no fogar determinarase no Programa individual de atención e establecerase en número de horas mensuais de servizos asistenciais, mediante os seguintes intervalos en función do grao de dependencia e da súa condición de axuda no fogar intensiva ou non intensiva, segundo o seguinte:

a) Entenderase por servizo de axuda no fogar intensiva, en función do grao de dependencia e número de horas ao mes de atención, a seguinte:

Grao de dependencia	Horas de atención
Grao III	65 a 94 horas/mes
Grao II	38 a 64 horas/mes
Grao I	20 a 37 horas/mes

b) Entenderase por servizo de axuda no fogar non intensivo, en función do grao de dependencia e número de horas ao mes de atención, cando así o determine o Programa individual de atención, compatibilizando este servizo con outros servizos e/ou prestacións económicas, tal e como se recolle no capítulo VII desta orde, o seguinte:

Grao de dependencia	Horas de atención
Grao III	Ata 65 horas/mes

Grao II	Ata 38 horas/mes
Grao I	Ata 20 horas/mes

Artigo 33. Intensidade dos servizos de atención diúrna e de atención nocturna

1. O servizo de atención diúrna é aquel que lles ofrece unha atención integral durante o período diúrno ás persoas en situación de dependencia co obxectivo de mellorar ou manter o nivel de autonomía persoal, así como apoiar ás súas familias ou persoas coidadoras.

2. A intensidade do servizo de atención diúrna poderá ser:

a) Entenderase por servizo de atención diúrna a xornada completa a asistencia ao centro nun horario como máximo de 8 horas/día de luns a venres. A intensidade do servizo de atención diúrna a xornada completa será de 160 ou máis horas/mes.

b) A intensidade do servizo de atención diúrna a media xornada será de 100 horas/mes.

c) Considérase por servizo de atención diúrna en horario non intensivo, un número de horas ao mes inferior ao sinalado no punto anterior, en función do grao de dependencia e da intensidade horaria establecida para este servizo, segundo o que se determine no Programa individual de atención e que poderá compatibilizarse con algún dos servizos e/ou prestacións tal e como se recolle no capítulo VII de esta orde.

3. O centro de día axustará os servizos establecidos nos artigos 15.1 d) e 24 da Lei 39/2006, do 14 de decembro ás persoas en situación de dependencia, atención especializada de acordo á súa idade e aos coidados que requiren.

4. O servizo de atención de noite ten por finalidade dar resposta ás necesidades da persoa en situación de dependencia que precise atención durante a noite. Este servizo prestarase en equipamentos debidamente autorizados para a prestación do servizo de estancia nocturna.

5. A intensidade destes servizos será de 420 horas/mes.

Artigo 37. Intensidade do servizo de atención residencial

1. O servizo de atención residencial ofrece unha atención integral, continuada e personalizada ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a natureza da situación de dependencia, o seu grao e a intensidade de coidados que precise a persoa.

2. A intensidade deste servizo será de 720 horas/mes.

Sección 3ª. Suspensión e extinción dos servizos

Artigo 38. Suspensión temporal dos servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal, de teleasistencia, do servizo de axuda no fogar e do servizo de atención diúrna e de noite

Os servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal, de teleasistencia, de axuda no fogar e de atención diúrna e de noite suspenderanse temporalmente durante o internamento da persoa beneficiaria nunha institución sanitaria, durante a súa estancia temporal nun centro de atención residencial, no suposto de ausencia temporal do domicilio ou por outras causas debidamente xustificadas, nos que se poderá suspender por un período máximo de dous meses.

No suposto de ausencia temporal do domicilio, a persoa en situación de dependencia deberá de acreditar as causas que motivan a súa ausencia.

Para estes efectos, tales circunstancias deberán ser obxecto de comunicación nos termos establecidos no artigo 3.2 desta orde.

Artigo 39. Suspensión temporal do servizo de atención residencial

O servizo de atención residencial suspenderase temporalmente como consecuencia do internamento da persoa beneficiaria en institucións sanitarias ou por convivencia familiar fóra da contorna residencial, neste último suposto o período de suspensión non poderá ser superior a 60 días ao ano. Para estes efectos, tales circunstancias deberán ser obxecto de comunicación nos termos establecidos no artigo 3.2 desta orde.

Este período poderá ampliarse en supostos debidamente xustificados.

Artigo 40. Extinción dos servizos

Son causas de extinción dos servizos:

- a) O falecemento, ou declaración de falecemento, da persoa en situación de dependencia.
- b) A renuncia expresa da persoa en situación de dependencia ou da persoa representante. Entenderase igualmente por renuncia non proceder á alta no servizo no prazo fixado por causa imputable á persoa usuaria.
- c) A perda dalgún dos requisitos esixidos na normativa vixente para a súa percepción.

- d) A ocultación ou falsidade nos datos e/ou documentos que deben ser tidos en conta para a concesión do servizo que determinase a imposibilidade do seu goce ou a variación nas condicións deste.
- e) A percepción doutra prestación incompatible.
- f) A revisión do Programa individual de atención no que se determine outra modalidade de intervención.
- g) O traslado definitivo da súa residencia a outro municipio ou provincia, cando este traslado implique a imposibilidade de prestar o servizo, así como nos supostos de traslado definitivo da súa residencia a outra comunidade autónoma.
- h) O incumprimento dos deberes e obrigas establecidos para as persoas usuarias dos servizos que supoña a imposición dunha sanción que implique a extinción da prestación do servizo, conforme á normativa vixente.
- i) O transcurso do prazo máximo establecido para a suspensión do servizo sen que a persoa beneficiaria se incorpore ao mesmo.
- j) Por calquera outra causa establecida para o efecto na normativa vixente

CAPÍTULO IV

Prestacións económicas

Sección 1ª Prestacións económicas

Artigo 41. Prestacións económicas do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia

1. Son Prestacións económicas do Sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia aquelas axudas económicas de carácter periódico destinadas a cofinanciar os gastos derivados da atención ás persoas en situación de dependencia e da promoción da autonomía persoal.
2. De conformidade co establecido no Decreto 142/2023, do 21 de setembro e no Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, as prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia son as seguintes:

a) A prestación económica vinculada ao servizo, que ten por finalidade facilitar, por medio dunha achega económica, a adquisición dun servizo dos enumerados no artigo 30 desta orde, cando non sexa posible ser prestado mediante a oferta pública da rede de servizos sociais de atención á dependencia definida no artigo 2 desta orde, ou cando así o solicite a persoa en situación de dependencia.

b) A prestación económica para coidados na contorna familiar como achega económica de carácter periódico, cuxa finalidade é proporcionar á persoa beneficiaria recursos económicos para contribuír á cobertura dos gastos derivados da atención prestada pola persoa coidadora non profesional ao obxecto de posibilitar a permanencia da persoa beneficiaria no seu domicilio habitual, sempre que o Programa individual de atención determine esta modalidade de intervención como a máis axeitada entre as do catálogo de prestacións, tendo en conta o grao de dependencia recoñecido e as necesidades de atención da persoa en situación de dependencia.

c) A prestación económica de asistencia persoal, que ten por obxecto a promoción da autonomía das persoas en situación de dependencia en calquera dos seus graos. O seu obxectivo é contribuír á contratación dun/unha asistente persoal, durante un número de horas, que facilite á persoa beneficiaria o acceso á educación, á formación e ao traballo, para propiciar unha vida máis autónoma no exercicio das actividades básicas da vida diaria.

3. A orde de prelación no recoñecemento da efectividade das libranzas de prestacións económicas será o seguinte:

a) Grao e nivel de dependencia.

b) Menor capacidade económica.

c) Data de presentación da solicitude.

3. Para a concesión destas prestacións, deberase achegar certificado onde conste o código IBAN da conta bancaria na que figure a persoa en situación de dependencia e, no seu caso, a persoa titora ou a persoa representante, como persoa cotitular ou autorizada.

Sección 2ª. Prestación económica vinculada ao servizo

Artigo 42. Prestación económica vinculada ao servizo

1. A prestación económica vinculada ao servizo consiste nunha achega económica de carácter periódico que ten por finalidade contribuír ao financiamento do custo dos servizos que se determinen no Programa individual de atención como os máis axeitados para a persoa en situación de dependencia e sexan prestados por entidades debidamente autorizadas para a

atención á dependencia, cando non sexa posible o acceso a un servizo público, ou cando así o solicite a persoa interesada.

2. Con todo, cando así o solicite a persoa interesada, poderá recoñecerse o dereito á prestación económica vinculada ao servizo con carácter prioritario cando a persoa usuaria xa estivese a recibir o servizo por unha entidade privada debidamente autorizada para a atención á dependencia.

3. Ademais dos requisitos xerais establecidos no Decreto 142/2023, do 21 de setembro, e nesta orde, para a elaboración do Programa individual de atención e o recoñecemento do dereito á prestación vinculada ao servizo deberá cumprirse que o servizo ao que se vai a vincular a prestación se preste a través dun centro ou servizo debidamente acreditado para a atención á dependencia, segundo a normativa vixente na Comunidade Autónoma de Galicia. O departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais comprobará o cumprimento do requisito da acreditación.

4. As intensidades completas das prestacións económicas vinculadas ao servizo serán as seguintes:

a) Prestación económica vinculada ao servizo de axuda no fogar:

A intensidade completa desta prestación será a seguinte:

Grao de dependencia	Dedicación completa
Grao III	94 horas/mes
Grao II	64 horas/mes
Grao I	37 horas/mes

b) Prestación económica vinculada ao servizo de atención diúrna:

A intensidade completa desta prestación será de 160 horas/mes.

c) Prestación económica vinculada ao servizo de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal para maiores de 18 anos:

A intensidade completa desta prestación será a seguinte:

Grao de dependencia	Dedicación completa
---------------------	---------------------

Grao III	70 horas/mes
Grao II	45 horas/mes
Grao I	12 horas/mes

d) Prestación económica vinculada ao servizo de atención temperá:

No caso de atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos e de atención postemperá a nenos e nenas de 7 a 17 anos, entenderase por intensidade completa un número de horas mensuais igual ou superior ao sinalado no cadro seguinte segundo o grao de dependencia, e por intensidade parcial un número de horas mensuais inferior á sinalada.

Grao de dependencia	Dedicación completa	
	Atención temperá de 0 a 6 anos	Atención postemperá de 7 a 17 anos
Grao III	16 horas/mes	24 horas/mes
Grao II	10 horas/mes	16 horas/mes
Grao I	6 horas/mes	8 horas/mes

e) Prestación económica vinculada ao servizo de atención residencial:

A intensidade desta prestación será de 720 horas/mes.

f) Prestación económica vinculada ao servizo de atención nocturna:

A intensidade completa desta prestación será de 420 ou máis horas ao mes.

Artigo 43. *Contía da prestación económica*

A determinación da contía individual da prestación efectuarase en función do grao de dependencia recoñecido e da capacidade económica, de acordo con o establecido na sección 2ª do capítulo VI desta orde.

Sección 3ª. Prestación económica para coidados na contorna familiar

Artigo 44. Prestación para coidados na contorna familiar

1. A prestación para coidados na contorna familiar consistirá nunha contía económica de carácter periódico, cuxa finalidade é proporcionarlle á persoa beneficiaria recursos económicos para contribuír á cobertura dos gastos derivados da atención prestada pola persoa coidadora non profesional ao obxecto de posibilitar a permanencia da persoa beneficiaria no seu domicilio habitual, a condición de que o Programa individual de atención determine esta modalidade de intervención como a máis axeitada entre as do catálogo de prestacións, tendo en conta o grao de dependencia recoñecido e as necesidades de atención da persoa en situación de dependencia.

2. A intensidade completa desta prestación será de 160 ou máis horas ao mes.

Artigo 45. Requisitos xerais da prestación para coidados na contorna familiar

A concesión da prestación de coidados na contorna familiar debe implicar a designación dunha persoa coidadora principal, que deberá asumir a responsabilidade do coidado, aínda que no exercicio das funcións de coidado poida estar apoiada por outras persoas.

Artigo 46. Requisitos específicos para o acceso á prestación para coidados na contorna familiar

1. Para adquirir a condición de persoa beneficiaria é necesario, ademais do establecido na normativa que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, e no artigo 31 desta orde, reunir os seguintes requisitos:

- a) Que o PIA da persoa beneficiaria determine a adecuación desta prestación.
- b) Que o expediente non sexa susceptible de tramitación como emerxencia social.
- c) Que se dean as condicións axeitadas de convivencia e habitabilidade da vivenda para a prestación dos coidados necesarios. Valoraranse as condicións axeitadas de habitabilidade da vivenda, entre as que se terá en conta a accesibilidade suficiente que permita o exercicio das funcións de coidado persoal.

Cando a persoa teña recoñecida a situación de dependencia en grao III ou II será necesaria a convivencia coa persoa coidadora non profesional dada a necesidade de atención permanente e apoio indispensable e continuo que se require.

Cando a persoa tivese recoñecida a situación de dependencia en grao I, poderá exceptuarse o devandito requisito de convivencia, sempre que se asegure a atención inmediata por parte da persoa coidadora non profesional.

No informe social que sexa elaborado polos servizos sociais comunitarios, de saúde ou especializados, no seu caso, debe quedar constancia de que se dan as condicións de habitabilidade, convivencia e a relación da persoa beneficiaria coa persoa coidadora non profesional.

d) Que a persoa en situación de dependencia estea a ser atendida mediante coidados na contorna no momento de elaboración ou revisión do PIA.

2. Respecto da persoa coidadora non profesional encargada da atención da persoa en situación de dependencia, deberán acreditarse os seguintes requisitos:

a) Residir legalmente en España e estar empadroada nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Ser cónxuxe, parella de feito ou familiar por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o cuarto grao de parentesco, ou ben ser unha persoa da contorna relacional da persoa en situación de dependencia. En todo caso a persoa coidadora debe ser proposta pola persoa en situación de dependencia e debe estar en condicións de prestarlle os apoios e coidados necesarios para o desenvolvemento da vida diaria.

c) Ser maior de dezoito anos, reunir as condicións de idoneidade e estar en plenitude de facultades e dispoñibilidade para prestar de maneira efectiva os coidados axeitados á persoa en situación de dependencia. Estas circunstancias serán valoradas polo órgano encargado de elaborar a proposta de PIA, tendo en conta a experiencia da persoa coidadora, o informe de condicións de saúde da persoa en situación de dependencia, o informe social e as actividades identificadas no baremo establecido normativamente que afecten ao seu desempeño e o grao de apoio que precise.

d) Contar coa capacidade física e psíquica suficiente para desenvolver axeitadamente por si mesma as funcións de coidado e apoio. Para estes efectos o órgano de valoración terá en conta a idade da persoa coidadora, a súa situación física e/ou psíquica, a existencia de apoios complementarios, as dificultades da realización das tarefas de coidado, os apoios con que poida contar no exercicio destas funcións, así como aqueles aspectos que considere para os efectos

de valorar a idoneidade da persoa coidadora.

e) Ter dispoñibilidade para prestar o coidado e atención de forma axeitada e continuada durante un período mínimo dun ano, agás que por circunstancias sobrevindas e imprevisibles non poida completar este período. Ademais, requírese que a persoa coidadora conte con tempo de dedicación suficiente para atender á persoa beneficiaria naquelas situacións en que precise axuda para realizar as actividades básicas da vida diaria.

f) Reunir as condicións de formación non formal que se recollan na normativa autonómica específica segundo o disposto na disposición adicional segunda desta orde ou, na súa falta, asumir o compromiso da súa participación nas accións formativas non formais e de apoio que se lle ofrezan por parte da consellería con competencias en materia de servizos sociais, sempre que sexan compatibles co coidado da persoa en situación de dependencia.

g) Estes requisitos deberanse reunir no momento de elaborar o ditame do PIA e manteranse no momento da resolución do PIA.

h) Asumir formalmente os compromisos necesarios para garantir a calidade na atención e coidados da persoa en situación de dependencia, segundo o establecido na normativa que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia.

i) Que a persoa coidadora facilite o acceso dos servizos sociais das Administracións públicas competentes á vivenda da persoa en situación de dependencia co fin de comprobar o cumprimento dos requisitos ou variación das circunstancias, previo consentimento da persoa beneficiaria.

3. O departamento territorial correspondente revisará o cumprimento dos requisitos de acceso á prestación e das obrigas esixidas, a fin de verificar que non se produza unha variación de calquera deles, e controlarán o seguimento dos coidados na contorna familiar, coa finalidade de comprobar a viabilidade, idoneidade e calidade de atención dos mesmos, podendo no seu caso, resolver a suspensión ou extinción da prestación.

4. No caso dun contrato laboral cunha terceira persoa ao obxecto de colaborar co/a coidador/a non profesional nas tarefas do fogar da persoa en situación de dependencia, comunicarao ao departamento territorial correspondente ao domicilio da persoa en situación de dependencia. Esta comunicación non supoñerá ningunha variación na contía percibida en concepto de prestación económica para coidados na contorna familiar.

Artigo 47. Determinación da contía

A determinación da contía individual da prestación efectuarase en función do grao de dependencia recoñecido e da capacidade económica, de acordo con o disposto na sección 2ª do capítulo VI desta orde.

Sección 4ª. Prestación económica de asistencia persoal

Artigo 48. Prestación de asistencia persoal

1. A prestación de asistencia persoal está destinada a contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/unha asistente/a persoal que facilite o acceso a un proxecto formativo, laboral ou ocupacional para promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria ás persoas en situación de dependencia en calquera dos seus graos.

2. Esta prestación incluírá, polo menos, as seguintes accións:

- a) Atención persoal (apoio á hixiene persoal, a alimentación, a mobilidade e ao coidado da saúde, entre outros).
- b) Apoio á organización, á limpeza e a orde do fogar.
- c) Acompañamento e apoio en xestións persoais fóra do fogar.
- d) Acompañamento e apoio nas actividades formativas, laborais e ocupacionais, de participación social e económica.

3. A intensidade completa desta prestación será de 120 ou máis horas ao mes.

Artigo 49. Condicións de acceso á asistencia persoal:

1. Para adquirir a condición de persoa beneficiaria, ademais dos requisitos xerais establecidos no Decreto 142/2023, do 21 de setembro, e nesta orde, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- a) Que a persoa beneficiaria teña recoñecida unha situación de dependencia en calquera dos seus graos.
- b) Que a persoa en situación de dependencia estea capacitada para ordenar e supervisar as actividades do servizo de asistencia persoal.
- c) Con respecto á participación da persoa beneficiaria en actividades formativas, ocupacionais e/ou laborais regulares, estas deben cumprir os seguintes criterios:

- A actividade laboral deberá desenvolverse nun centro especial de emprego, nun centro

ocupacional ou nunha empresa ordinaria, ou ben deberá acreditarse traballar como autónomo.

- A actividade formativa integrárase nun programa de estudos de carácter continuado. A formación impartirase nun centro público ou privado legalmente autorizado. O ensino ofrecerase en modalidade virtual ou presencial.

- Que o programa de estudos estea recoñecido, homologado ou autorizado, segundo os casos, pola autoridade pública competente.

- Que a persoa beneficiaria se atope en situación de procura activa de emprego. Enténdese por procura activa de emprego o compromiso, por parte da persoa beneficiaria, de participar activamente nos distintos programas, accións ou medidas activas de emprego propostas polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

d) A persoa beneficiaria deberá comprometerse a cumprir coas obrigas establecidas en materia de seguridade social no caso de que o/a asistente/a persoal sexa contratado/a directamente pola persoa beneficiaria da prestación.

2. Respecto ao/á asistente/a persoal deberá acreditarse o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ter a idade laboral contemplada na lexislación vixente.

b) Ter residencia legal en España.

c) Reunir as condicións de formación ou comprometerse a realizar a formación específica que se estableza para prestar os servizos derivados da asistencia persoal, nos termos establecidos pola normativa de acreditación para a prestación de servizos de atención á dependencia e promoción da autonomía persoal vixente na comunidade autónoma.

d) Reunir a condición de idoneidade para a prestación deste servizo, na que se terá en conta a experiencia e a formación previa da persoa candidata, segundo a normativa de acreditación para a prestación de servizos de atención á dependencia e promoción da autonomía persoal vixente na comunidade autónoma.

e) Dispoñer do certificado negativo do Rexistro de delincuentes sexuais que acredite a carencia de delitos de natureza sexual.

f) No suposto no que, derivado da potestade de elección do/da asistente/a persoal, a relación entre a persoa beneficiaria e o/a asistente/a persoal derive dun contrato de prestación de servizos, esta última terá que acreditar o cumprimento das súas obrigas de afiliación, alta e cotización no correspondente réxime da Seguridade Social.

g) Cando a asistencia persoal se realice a través de empresa prestadora deste servizo, esta deberá contar coas autorizacións previstas na normativa vixente sobre o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos de atención a persoas en situación de dependencia.

3. A asistencia persoal debe ser obxecto dun contrato de prestación de servizos entre a persoa beneficiaria e a entidade correspondente, ou entre a persoa beneficiaria e a persoa encargada da asistencia persoal. A Xunta de Galicia non formará parte nin será responsable, en ningún caso, da relación contractual establecida. O contrato ademais dos contidos xerais previstos na lexislación civil ou laboral, deberá incorporar as condicións específicas da prestación do servizo establecidas nesta orde e no PIA, e a cláusula de confidencialidade correspondente.

Artigo 50. Determinación da contía

1. A contía da prestación de asistencia persoal en ningún caso poderá ser superior ao importe abonado polo servizo recibido.

2. A determinación da contía individual da prestación efectuarase en función do grao de dependencia recoñecido, da capacidade económica e do complemento adicional da comunidade autónoma, de acordo con o establecido nos artigos 55, 56, 57, 58,59, 60 e 61 e 62 desta orde.

Sección 5ª. Pago das prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia

Artigo 51. Pago das prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia

1. A contía das prestacións percibirase en función das horas efectivamente prestadas e xustificadas.

2. O pago da prestación económica en ningún caso poderá ser superior ao importe abonado pola persoa beneficiaria polos servizos recibidos.

CAPÍTULO V

Causas de suspensión e extinción das prestacións económicas

Artigo 52. Suspensión das prestacións económicas

1. As prestacións económicas poderán ser suspendidas nos seguintes supostos:

a) Polo ingreso da persoa en situación de dependencia nun centro hospitalario, excepto na

prestación de cuidados na contorna familiar e de asistencia persoal.

b) Durante o tempo en que a persoa en situación de dependencia sexa usuario/a dunha praza de estancia temporal nun centro de carácter residencial.

2. Con todo, a persoa titular da prestación para cuidados na contorna familiar ou de asistencia persoal non perderá o dereito á devandita prestación debido á súa estancia temporal nun servizo de atención residencial, motivada por un período de enfermidade, descanso ou formación da persoa cuidadora non profesional ou do/da asistente/a persoal, sempre que o devandito período non sexa superior a 60 días ao ano.

Artigo 53. Extinción das prestacións

1. O dereito á prestación extinguirase nos seguintes supostos:

a) Perda dalgún dos requisitos esixidos para o recoñecemento da situación de dependencia. En particular, pola perda da condición de residente en España ou traslado da súa residencia fóra da comunidade autónoma por un tempo superior a 60 días ao ano, ou pola melloría da situación de dependencia que determine que a persoa beneficiaria xa non se atopa en tal situación.

b) Renuncia expresa á prestación pola persoa beneficiaria ou a persoa representante. Entenderase por renuncia o non achegar a documentación solicitada no prazo de 30 días naturais desde a recepción da notificación da resolución, así como non proceder á xustificación da mesma nos prazos e cos requisitos establecidos.

c) Revisión do PIA polo que se deixe de determinar como idónea a prestación recoñecida.

d) Falecemento, ou declaración de falecemento, da persoa beneficiaria.

e) Imposición dunha sanción que conleve a extinción ou perda da prestación concedida.

f) Percepción de prestación ou servizo incompatible.

g) Incumprimento das obrigas, condicións ou requisitos específicos esixidos para determinar o dereito a cada unha das prestacións reguladas nesta orde e demais normativa aplicable.

h) Por calquera outra causa establecida para o efecto conforme á normativa vixente.

2. A extinción da prestación farase efectiva a partir do día primeiro do mes seguinte no que se produza a causa. Os pagos que se efectuasen pasado este prazo, deberán reintegrarse.

3. Acordada a extinción da prestación, na notificación á persoa beneficiaria requiriráselle para que proceda ao reintegro do indebidamente percibido, sen prexuízo das responsabilidades a que

houbese lugar, segundo o disposto no artigo 35 e seguintes do Decreto 142/2023, do 21 de setembro.

4. No caso de que se produzan contías económicas correctamente devindicadas e non percibidas, abonaranse a instancia da parte lexítima. Procederase a aboar ata o último día do mes de falecemento a prestación económica de coidados na contorna familiar e a prestación vinculada de atención residencial; e no resto, ata que se xustifique o correspondente gasto.

CAPÍTULO VI

Cuantificación e xestión das prestacións económicas

Artigo 54. Órganos competentes para a xestión das prestacións económicas

A xestión das prestacións económicas corresponderá aos departamentos territoriais da consellería con competencias en materia de servizos sociais.

Sección 1ª. Da capacidade económica da persoa en situación de dependencia

Artigo 55. Determinación da capacidade económica da persoa beneficiaria

1. A capacidade económica das persoas beneficiarias das prestacións calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II, do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro.

2. Na determinación da capacidade económica terase en conta:

- a) Declaración de IPRF do último exercicio fiscal, se é suxeito obrigado.
- b) Prestacións económicas, pensións ou subsidios non declarados no IPRF: No momento de resolver a prestación.
- c) Patrimonio: No momento de resolver a prestación, coa documentación que conste no expediente e a comprobada a través das consultas realizadas pola Administración.

3. O departamento territorial da consellería competente en materia de servizos sociais poderá comprobar as alteracións ou variacións que afecten á capacidade económica da persoa usuaria.

4. Con todo, en canto á capacidade económica das persoas beneficiarias de prestación de asistencia persoal, a efectos de determinar a contía do complemento adicional da comunidade

autónoma, considerarase como capacidade económica para calcular o tramo para aplicar a determinada segundo o disposto nos apartados anteriores e minorada na contía de 1,39 veces o IPREM (Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples) en concepto de custos adicionais relacionados co tipo de discapacidade.

Artigo 56. Comprobación da capacidade económica da persoa beneficiaria

1. Non será necesario achegar documentación cando as persoas cuxos datos deban obterse, autoricen á Administración para consultar, de forma electrónica ou a través doutros medios, os datos económicos e patrimoniais necesarios para a determinación da súa capacidade económica, tal e como se establece no artigo 6 desta orde.
2. O departamento territorial que corresponda da consellería competente en materia de servizos sociais poderá comprobar de oficio a acreditación dos requisitos da capacidade económica, sen prexuízo de poder requirir á persoa interesada calquera outra documentación necesaria para completar a devandita verificación.
3. Así mesmo, o departamento territorial da consellería competente en materia de servizos sociais tamén poderá verificar a información achegada polas persoas titulares do dereito, mediante a obtención de datos de carácter económico que sobre elas exista nas distintas administracións, rexistros públicos ou calquera outro organismo competente.
4. No caso de que exista diferenza entre a información económica achegada e a obtida pola Administración pública, utilizarase esta última para a determinación da súa capacidade económica, sen prexuízo de que a persoa interesada poida iniciar as accións oportunas para corrixir esta situación no caso de estar fundamentado.
5. A ocultación ou falsificación de datos sobre a capacidade económica poderá dar lugar á suspensión temporal ou á extinción da prestación do servizo/prestación, así como, no caso das prestacións, á devolución das cantidades percibidas indebidamente segundo o disposto no artigo 35 e seguintes do Decreto 142/2023, do 21 de setembro.

Sección 2ª. Determinación da contía das prestacións económicas

Artigo 57. Determinación da contía das prestacións económicas

1. O importe da prestación económica que se lle recoñecerá a cada persoa beneficiaria determinarase aplicando as fórmulas dispostas nos seguintes puntos, en función da capacidade económica da persoa beneficiaria e a contía de referencia para cada prestación económica segundo o grao de dependencia recoñecido. A contía da prestación económica recoñecida será

do 100% da cantidade máxima establecida cando a capacidade económica da persoa beneficiaria sexa igual ou inferior ao IPREM, excepto nos supostos nos que sexa de aplicación o coeficiente de aplicación establecido para a fórmula de cálculo da contía da prestación para coidados na contorna familiar.

2. A contía mensual da prestación para coidados na contorna familiar establécese de conformidade coa seguinte fórmula matemática:

$$CPE = C_{max} \times H \times \frac{(2,3 - (1,3 \times CEB))}{IPREM}$$

Onde:

CPE: contía da prestación económica.

C_{max}: contía máxima da prestación segundo o grao de dependencia recoñecido.

H: coeficiente de aplicación.

O coeficiente de aplicación «H» será o seguinte segundo o grao de dependencia recoñecido:

– Grao III: 0,45879

– Grao II: 0,30822

– Grao I: 0,28899

CEB: capacidade económica da persoa beneficiaria.

IPREM: Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples correspondente ao exercicio no que se resolve a prestación.

En relación coa fórmula de cálculo das prestacións económicas de coidados na contorna familiar de persoas solicitantes que na data de presentación da solicitude teñan unha idade igual ou inferior a 25 anos, non aplicará o coeficiente de aplicación sinalado

3. A contía mensual da prestación vinculada á adquisición dun servizo e da prestación de asistencia persoal establécese de conformidade coa seguinte fórmula matemática:

$$CPE = C_{max} \times \frac{(1,55 - (0,55 \times CEB))}{IPREM}$$

Onde:

CPE: contía da prestación económica.

Cmax: contía máxima da prestación económica segundo o grao recoñecido.

CEB: capacidade económica da persoa beneficiaria.

IPREM: Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples correspondente ao exercicio no que se resolve a prestación.

4. Para os efectos de determinar a contía do complemento adicional da comunidade autónoma para a prestación económica de asistencia persoal, no suposto de persoas cun grao III e II recoñecidos, esta percibirase integramente ou reducirase de acordo coa seguinte táboa:

Capacidade económica de acordo coa contía do IPREM	Complemento adicional de asistencia persoal
Ata 2,5 veces o IPREM	100 %
Máis de 2,5 a 3 veces o IPREM	90 %
Máis de 3 a 3,5 veces o IPREM	85 %
Máis de 3,5 a 4 veces o IPREM	80 %
Máis de 4 a 4,5 veces o IPREM	75 %
Máis de 4,5 a 5 veces o IPREM	60 %
Máis de 5 veces o IPREM	50 %

Artigo 58. Deducións por prestacións de análoga natureza e finalidade

1. Da contía da prestación económica que resultase da aplicación dos artigos anteriores deberá deducirse calquera outra prestación de análoga natureza e finalidade establecida nos réximes públicos de protección social. En particular, e de acordo con o establecido no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e no artigo 14 do Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, deduciranse as seguintes:

a) O complemento de gran invalidez, regulado no artigo 196.4. do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade

Social.

b) O complemento da asignación económica por fillo/a a cargo maior de 18 anos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75% previsto no artigo 353 do, Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

c) O complemento por necesidade de terceira persoa da pensión de invalidez non contributiva, previsto no artigo 364.6.º do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

d) O subsidio por axuda de terceira persoa, previsto no artigo 12.2.º c) da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade.

2. Cando a persoa beneficiaria sexa titular de calquera outra prestación de análoga natureza e finalidade, segundo o disposto no punto anterior, o importe da prestación económica que se recoñeza, despois das deducións anteriores, non poderá ser inferior ás contías mínimas establecidas polo Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, ou de ser o caso, as contías mínimas establecidas pola comunidade autónoma, de ser superiores.

Artigo 59. Nivel de protección adicional na prestación económica vinculada ao servizo de atención residencial

Unha vez determinada a contía da prestación vinculada ao servizo de atención residencial segundo os importes e regras de cuantificación establecidos polo Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, e de acordo co establecido nos artigos 56, 57, 58 e 59 o importe da prestación vinculada ao servizo de atención residencial terá os importes máximos e mínimos segundo o grao e o nivel de protección adicional establecido no anexo I desta orde.

Artigo 60. Nivel de protección adicional na prestación para coidados na contorna familiar

Unha vez determinada a contía da prestación para coidados na contorna familiar segundo os importes e regras de cuantificación establecidos polo Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, e de acordo co establecido nos artigos 44, 45, 46, 47, 55, 56, 57 e 58, o importe que lle correspondería á persoa beneficiaria da prestación para coidados na contorna familiar terá os importes máximos, e mínimos segundo o grao e o nivel de protección adicional establecido no anexo I desta orde.

Artigo 61. Nivel de protección adicional na prestación de asistencia persoal ás persoas cun grao III e II recoñecido de dependencia

1. A contía da prestación de asistencia persoal terá un nivel de protección adicional cuxo

importe será igual á diferenza entre a contía que lle correspondería á persoa beneficiaria, segundo os importes e regras de cuantificación establecidos polo Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, e a contía máxima establecida no anexo I desta orde como teito deste nivel adicional, que poderá ser actualizado, en función da intensidade horaria e segundo a súa capacidade económica.

2. Excepcionalmente, cando así se recoñeza no PIA e se acredite a prestación de polo menos un 10 % da intensidade horaria en períodos de especial dedicación como os vacacionais e fins de semana, festivos, períodos nocturnos das 22.00 ás 07.00 horas ou estancias temporais fóra da comunidade autónoma non superiores a 60 días ao ano, o cálculo para a contía da prestación de asistencia persoal, tal e como se indica no apartado anterior, farase tendo en conta a contía máxima establecida no anexo I como complemento adicional:

CAPÍTULO VII

Réxime de compatibilidades entre os servizos e prestacións económicas do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia

Artigo 62. Servizos de prevención das situacións de dependencia.

Os servizos de prevención das situacións de dependencia serán compatibles con todos os servizos e prestacións económicas.

Artigo 63. Servizo de axuda no fogar

1. O servizo de axuda no fogar será compatible, cos límites de intensidade que se regulan nos puntos seguintes e segundo o que se estableza no PIA con todos os servizos e prestacións económicas agás co servizo de atención residencial ou a prestación económica vinculada a dito servizo.

2. O réxime de compatibilidades que se establece é o seguinte:

O servizo de axuda no fogar será compatible cos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, en modalidade de servizos públicos ou prestacións económicas vinculadas a estes servizos, cos seguintes límites de intensidade:

Grao de dependencia	Servizo de axuda no fogar ou prestación económica vinculada a este servizo	Servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal ou prestacións
----------------------------	---	---

		económicas vinculadas a estes servizos
Grao III	Ata 65 horas/mes	Ata 68 horas/mes
Grao II	Ata 38 horas/mes	Ata 40 horas/mes
Grao I	Ata 20 horas/mes	Ata 20 horas/mes

No caso da carteira de servizos comúns e da carteira de servizos para persoas en situación de dependencia con Alzheimer, serán compatibles entre si o servizo de axuda no fogar co servizo de atención diúrna, en modalidade de servizos públicos ou prestacións económicas vinculadas a estes servizos, co seguinte límite de intensidade:

Grao de dependencia	Servizo de axuda no fogar ou prestación económica vinculada a este servizo	Servizo de atención diúrna ou prestacións económicas vinculadas a estes servizos
Grao III	Ata 65 horas/mes	Ata 100 horas/mes
Grao II	Ata 38 horas/mes	Ata 100 horas/mes
Grao I	Ata 20 horas/mes	Ata 100 horas/mes

O servizo de axuda no fogar será compatible co servizo de atención de noite ou prestación económica vinculada á adquisición deste servizo, co seguinte límite de intensidade:

Grao de dependencia	Servizo de axuda no fogar ou prestación económica vinculada a este servizo	Servizo de atención nocturno ou prestacións económicas vinculadas a estes servizos
Grao III	Ata 65 horas/mes	Ata 21 noites/mes
Grao II	Ata 38 horas/mes	Ata 12 noites/mes
Grao I	Ata 20 horas/mes	Ata 6 noites/mes

Artigo 64. *Servizo de atención diúrna.*

O servizo de atención diúrna será compatible, cos límites de intensidade que se regulan neste capítulo e segundo o que se dispoña no PIA co servizo de teleasistencia e co servizo de axuda no fogar, así como coa prestación económica vinculada á adquisición deste servizo.

Artigo 65. *Servizo de atención de noite.*

1. O servizo de atención de noite será compatible, cos límites de intensidade que se regulan nesta capítulo e segundo o que se dispoña no PIA, co servizo de teleasistencia, co servizo de axuda no fogar e cos servizos de promoción da autonomía persoal, así como coa prestación económica vinculada á adquisición destes servizos.

2. Será compatible cos servizos de promoción da autonomía persoal ou prestación económica vinculada á adquisición destes servizos, co seguinte límite de intensidade:

Grao de dependencia	Servizo de atención de noite ou prestación económica vinculada a este servizo	Servizos de promoción da autonomía persoal ou prestación económica vinculada a este servizo
Grao III	Ata 21 noites/mes	Ata 56 horas/mes
Grao II	Ata 12 noites/mes	Ata 31 horas/mes
Grao I	Ata 6 noites/mes	Ata 20 horas/mes

Artigo 66. *Prestación económica para coidados na contorna familiar*

1. A prestación económica para coidados na contorna familiar , será compatible cos límites de intensidade seguintes:

a) Poderase compatibilizar co servizo de axuda no fogar ou prestación económica vinculada a este servizo segundo o seguinte:

Grao de dependencia	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Servizo de axuda no fogar ou prestacións económicas vinculadas a estes servizos
Grao III	Ata 80 horas/mes	Ata 65 horas/mes
Grao II	Ata 80 horas/mes	Ata 38 horas/mes

Grao de dependencia	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Servizo de axuda no fogar ou prestacións económicas vinculadas a estes servizos
Grao I	Ata 80 horas/mes	Ata 20 horas/mes

b) Poderase compatibilizar co servizo de atención diúrna ou prestación económica vinculada a este servizo, segundo o seguinte:

Grao de dependencia	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Servizo de atención diúrna ou prestacións económicas vinculadas a estes servizos
Grao III	60 horas/mes	100 horas/mes
Grao II	60 horas/mes	100 horas/mes
Grao I	60 horas/mes	100 horas/mes

c) Poderase compatibilizar co servizo de promoción da autonomía persoal ou prestación económica vinculada a este servizo segundo o seguinte:

Grao de dependencia	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Servizo de promoción da autonomía persoal ou prestacións económicas vinculadas a estes servizos
Grao III	Ata 80 horas/mes	Ata 21 horas/mes
Grao II	Ata 80 horas/mes	Ata 14 horas/mes
Grao I	Ata 80 horas/mes	Ata 8 horas/mes

2. O réxime de compatibilidades nos períodos de respiro da persoa coidadora será o seguinte:

a) Poderanse compatibilizar cos períodos de respiro da persoa coidadora distribuídos en 45 días ao ano, de xeito continuo ou en períodos, como mínimo quincenais ou de fins de semana ata completar os 45 días ao ano, para as estadias temporais en centros de atención residencial.

b) Poderase compatibilizar co servizo de atención diúrna segundo o seguinte:

Grao de dependencia	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Servizo de atención diúrna coma respiro (45 días/ano)
Grao III	160 horas/mes	Ata 360 horas/ano
Grao II	160 horas/mes	Ata 360 horas/ano
Grao I	160 horas/mes	Ata 135 horas/ano

c) Poderase compatibilizar co servizo de axuda no fogar segundo o seguinte:

Grao de dependencia	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Servizo de axuda no fogar coma respiro
Grao III	160 horas/mes	Ata 93 - 141 horas/ano
Grao II	160 horas/mes	Ata 44 - 96 horas/ano
Grao I	160 horas/mes	Ata 56 horas/ano

d) Poderase compatibilizar co servizo de centro de noite segundo o seguinte:

Grao de dependencia	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Servizo de atención de noite non intensivo coma respiro
Grao III	160 horas/mes	Ata 45 noites/ano
Grao II	160 horas/mes	Ata 45 noites/ano
Grao I	160 horas/mes	Ata 45 noites/ano

Artigo 67. Prestación económica vinculada á adquisición de servizos

A prestación económica vinculada á adquisición de servizos será compatible co resto de servizos e prestacións económicas segundo o disposto neste capítulo.

Artigo 68. Prestación económica de asistencia persoal

1. A prestación económica de asistencia persoal poderá compatibilizarse con outros servizos e prestacións económicas do sistema segundo o disposto neste artigo.

2. Poderá ser compatible co servizo de axuda a domicilio segundo o seguinte:

Grao de dependencia	Prestación económica de asistencia persoal	Servizo de axuda a domicilio ou prestación económica vinculadas a este servizo
Grao III	Ata 91 horas/mes.	Ata 65 horas/mes
Grao II	Ata 91 horas/mes	Ata 38 horas/mes
Grao I	Ata 91 horas/mes	Ata 20 horas/mes

3. Poderá ser compatible co servizo de atención de noite segundo o seguinte

Grao de dependencia	Prestación económica de asistencia persoal	Servizo de atención de noite
Grao III	Ata 91 horas/mes.	Ata 14 noites/mes
Grao II	Ata 91 horas/mes	Ata 14 noites/mes
Grao I	Ata 91 horas/mes	Ata 14 noites/mes

4. Poderá ser compatible coa prestación de coidados na contorna familiar non intensivo segundo o seguinte:

Grao de dependencia	Prestación económica de asistencia persoal	Prestación de coidados na contorna familiar
Grao III	Ata 91 horas/mes.	60 horas/mes
Grao II	Ata 91 horas/mes	60 horas/mes
Grao I	Ata 91 horas/mes	60 horas/mes

CAPÍTULO VIII

Efectividade do dereito ás prestacións económicas

Artigo 69. *Efectividade do dereito ás prestacións económicas*

1. A efectividade do dereito ás prestacións económicas producirase a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data da resolución en que se recoñeza a concreta prestación económica ou, de ser o caso, desde o día seguinte á data en que se cumpra o prazo máximo de seis meses desde a solicitude sen que se notificase a resolución expresa de recoñecemento da prestación, cando esta fose estimatoria.”

2. Os efectos económicos do recoñecemento ao dereito ás prestacións económicas producirase a partir do día primeiro do mes seguinte ao de data de resolución de recoñecemento da situación de dependencia e de aprobación do PIA. Con todo, os efectos económicos do recoñecemento do dereito ás prestacións, de recoñecerse nun prazo superior ao prazo máximo establecido segundo o disposto no punto primeiro deste artigo, producirase a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel desde o cal se recoñeza a súa efectividade. Na data de efectividade será necesario que se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de prestación económica. En caso contrario, a efectividade producirase a partir do día primeiro do mes seguinte a que concorran devanditos requisitos.

CAPÍTULO IX

Seguimento das prestacións

Artigo 70. Seguimento das prestacións

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de servizos sociais, e os servizos sociais de referencia da persoa beneficiaria, velarán pola correcta aplicación ou utilización dos fondos públicos, prestacións, servizos e cantos beneficios se deriven do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

O seguimento directo e continuado da correcta aplicación do PIA e da súa adecuación á situación da persoa beneficiaria corresponderá aos e ás profesionais dos servizos sociais comunitarios ou de atención primaria de saúde, así como de atención especializada, de ser o caso. Para estes efectos terase en conta á persoa profesional de traballo social dos servizos sociais de referencia ao domicilio da persoa beneficiaria e do recurso que finalmente se determine como modalidade de intervención.

En canto aos expedientes iniciados en atención especializada, cando non poidan garantir o correcto seguimento do PIA serán derivados aos e as profesionais de traballo social dos servizos sociais comunitarios ou de atención primaria de saúde.

2. A Administración autonómica exercerá as súas facultades inspectoras sobre as entidades, centros, servizos e programas, tanto públicos como privados, e sobre as prestacións recoñecidas, a través da consellería competente en materia de servizos sociais, coa finalidade

de verificar o estrito cumprimento da normativa de aplicación nesta materia, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se presten.

Artigo 71. Realización do seguimento

1. Tras as primeiras entrevistas ás persoas en situación de dependencia e, no seu caso, ás persoas coidadoras, así como as visitas ao fogar necesarias e outras ferramentas de intervención social, a traballadora ou traballador social de referencia identificará aqueles aspectos do caso que requiran dunha especial atención e seguimento, así como a periodicidade coa que se establecerán as distintas accións.
2. Realizarase, en todo caso, como mínimo, unha visita anual de seguimento no fogar da persoa en situación de dependencia. Durante o primeiro ano desde o recoñecemento da concreta prestación ou servizo, con todo, será preceptiva unha visita semestral.
3. Se o recurso é o servizo de axuda no fogar, a periodicidade establecerase de acordo con a súa normativa específica de desenvolvemento.
4. No caso de que a traballadora ou traballador social de referencia que faga o seguimento constate que hai cambios relevantes na situación da persoa en situación de dependencia, informará ao departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais que corresponda, por se procede facer un cambio de PIA.

CAPÍTULO X

Infraccións e sancións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia

Artigo 72. Réxime de infraccións e sancións

1. En canto ao réxime de infraccións e sancións estarase ao disposto no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e no disposto no título X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
2. Só poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa as persoas físicas ou xurídicas que resulten responsables dos mesmos.
3. Considéranse persoas autoras das infraccións quen realice os feitos por si mesmas, conxuntamente ou a través de persoa interposta.
4. Terán tamén a consideración de persoas autoras quen coopere na súa execución mediante unha acción ou omisión sen a cal a infracción non se podería levar a cabo.

5. En todo caso, a sanción que leve consigo a perda da prestación económica implicará o reintegro das cantidades percibidas indebidamente e a exixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da prestación ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro

6. En canto ao non previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, atenderase á regulación do procedemento sancionador establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición adicional primeira. *Desprazamentos da residencia habitual, temporais e definitivos, a outras comunidades autónomas*

1. O desprazamento da residencia habitual dentro do territorio español terá carácter temporal cando non supere os 60 días naturais ao ano. Durante este período manterase a continuidade da prestación concedida.

2. A persoa interesada, ou a persoa representante, deberá comunicar o traslado ao departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais correspondente á súa provincia, cun prazo de antelación de 30 días naturais. Así mesmo, no suposto de traslado definitivo, deberá proceder ao empadramento no municipio de destino no prazo máximo de 10 días desde a notificación do requirimento por parte da administración competente da comunidade autónoma de destino.

3. No prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción no departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais da comunicación de traslado da persoa interesada, a consellería competente en materia de servizos sociais deberá comunicar a solicitude de traslado ao IMSERSO como órgano coordinador, a través do sistema de información para a autonomía e atención á dependencia, dos traslados que se produzan, quen o comunicará á comunidade autónoma de destino, a cal deberá proceder á regularización correspondente nun prazo máximo de 60 días.

4. Cando o traslado de residencia a outra comunidade autónoma teña carácter definitivo, o departamento territorial correspondente da consellería con competencias en materia de servizos sociais manterá, durante un prazo máximo de 60 días naturais desde a data da comunicación do traslado á comunidade autónoma de destino, o dereito á percepción da prestación, ou poderá outorgar, con carácter excepcional, unha prestación vinculada ao servizo sempre que se cumpran os requisitos establecidos na presente orde.

5. Procederase á revogación da prestación e ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente cando, con anterioridade ao transcurso dos 60 días a que se refire o parágrafo

anterior, se teña coñecemento de que a comunidade autónoma de destino concedeu á persoa beneficiaria o servizo ou prestación económica que lle corresponda.

Disposición adicional segunda. *Formación non formal de apoio ás persoas coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia*

1. As accións formativas non formais de apoio desenvoltas pola Xunta de Galicia estarán dirixidas ás persoas coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia que fosen recoñecidas como tales na resolución do PIA pola que se concede a prestación para coidados na contorna familiar.

2. O órgano de dirección con competencias en materia de dependencia establecerá os criterios para determinar as necesidades formativas non formais e de apoio das persoas coidadoras destinatarias destas accións formativas non formais e de apoio en función do seu perfil.

3. As accións formativas non formais e de apoio teñen os seguintes obxectivos:

a) Facilitar uns coñecementos básicos ás persoas coidadoras para mellorar o coidado sociosanitario das persoas en situación de dependencia.

b) Promover que as persoas coidadoras apliquen os procedementos e estratexias máis axeitadas para manter e mellorar a autonomía persoal da persoa en situación de dependencia e a súa relación coa contorna.

c) Ofrecer información sobre produtos de apoio que propicien o autocoidado e a vida autónoma da persoa en situación de dependencia.

d) Facilitar un apoio emocional ás persoas coidadoras a través de actuacións de autocoidado.

e) Informar e orientar sobre os recursos sociosanitarios máis axeitados para garantir os coidados, a asistencia e a vida autónoma das persoas en situación de dependencia.

f) Impulsar o recoñecemento social das persoas coidadoras, favorecendo, no seu caso, unha orientación para unha futura integración no mercado laboral.

4. Condicións mínimas das accións de formación non formais de apoio:

a) En función das necesidades da persoa coidadora, a modalidade de formación será presencial, a distancia ou mixta. Poderá realizarse a distancia naqueles casos en que o seu perfil garanta un axeitado aproveitamento da mesma. Así mesmo, procurarase utilizar unha metodoloxía activa e participativa.

b) Establecerase, na medida do posible, a incorporación das TIC como unha metodoloxía

complementaria a utilizar, especialmente na formación específica e de reforzo.

c) No deseño da formación terase en conta o ámbito rural e urbano das persoas coidadoras.

d) Poderase contar, no proceso de desenvolvemento das accións de formación, coa colaboración dos interlocutores sociais e as organizacións do terceiro sector especializadas no ámbito da dependencia.

e) Para o desenvolvemento da formación, promoverase a coordinación entre as diferentes administracións públicas competentes no ámbito sanitario, educativo e laboral, coa colaboración das entidades locais.

f) No desenvolvemento das accións de formación teranse en conta os distintos perfís da persoa coidadora, promovendo, no seu caso, unha orientación encamiñada a accións formativas que permitan ás persoas coidadoras non profesionais incorporarse ao mercado laboral.

g) Cando a formación se dirixa a persoas coidadoras de menores de 3 anos en situación de dependencia, terase en conta o recollido nos plans de atención integral a menores de 3 anos que desenvolva a comunidade autónoma.

5. Programas de formación non formais e de apoio.

a) Os programas de formación estruturarase nunha formación inicial que se realizará, prioritariamente, no primeiro ano a partir da resolución pola que se concede a prestación económica para cuidados na contorna familiar, e unha formación específica que se desenvolverá en función das necesidades da persoa coidadora e da persoa en situación de dependencia. Así mesmo, realizarase unha formación de apoio e reforzo á persoa coidadora.

b) Os contidos da formación non formal e de apoio inicial abordarán aspectos tales como:

b.1) Desenvolvemento persoal da persoa coidadora.

b.2) Competencias e habilidades para promover o coidado e a autonomía das persoas en situación de dependencia.

b.3) Recursos existentes e xeración de redes sociais de apoio.

c) O total de horas da formación inicial será de 15 horas, e o da formación específica de 10 horas, salvo que a formación, capacitación ou experiencia da persoa coidadora indique que non precisa dita formación.

6. Plan de formación non formal e de apoio.

Anualmente o órgano de dirección con competencias en materia de dependencia, de acordo con o establecido nos apartados anteriores e o disposto polo Consello Territorial do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, elaborará o plan de formación que comprenderá as accións formativas non formais e de apoio que levarán a cabo durante ese ano e as bases e condicións das mesmas.

7. Contidos formativos non formais e de apoio.

Os contidos formativos, tanto da formación non formal e de apoio inicial como específica, deberán ser aprobados pola consellería con competencias en materia de servizos sociais.

8. Acreditación da formación non formal e de apoio.

O órgano de dirección con competencias en materia de dependencia acreditará a formación non formal da persoa coidadora dentro do seu programa formativo non formal ou daqueles programas formativos non formais doutras entidades, a condición de que se axusten aos requisitos dispostos nos apartados anteriores e se segue o contido formativo aprobado pola consellería con competencias en materia de servizos sociais.

Enténdese por entidades formadoras os centros e entidades públicas, as entidades privadas que teñan entre os seus obxectivos os de impartir cursos de formación, ou aquelas organizacións privadas do terceiro sector especializadas en atender a persoas en situación de dependencia.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos iniciados*

1. Os procedementos para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta orde rexeranse polas disposicións contidas na mesma, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme á normativa anterior.

2. Con todo, en canto aos PIA aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta orde estarase ao disposto na normativa na data da súa resolución, as disposicións contidas nesta orde aplicaranse ás propostas PIA e revisións dos PIA que se aproben a partir da entrada en vigor da mesma.

Disposición transitoria segunda. *Requisitos das persoas beneficiarias do servizo de atención residencial e da prestación vinculada ao servizo de atención residencial de persoas en situación de dependencia en centros autorizados para a atención residencial de persoas maiores en situación de dependencia*

1. De acordo co establecido no artigo 5.2 do decreto 149/2013, de 5 de setembro, os servizos de

atención residencial, nas súas modalidades básica e terapéutica, prestaranse a persoas con idade igual ou superior a 65 anos, agás que na súa normativa específica se estableza outro límite de idade. Con carácter excepcional, poderanse prestar estes servizos ás persoas menores de 65 anos que, polo seu grao de dependencia, tipoloxía desta e intensidade de coidados que precisen, teñan unhas condicións asistenciais equiparables ás do resto de usuarios destes servizos

2. A autorización necesitará dun informe-proposta previo por parte do órgano de valoración e asesoramento da dependencia do departamento territorial da consellería competente en materia de servizos sociais onde se motive a necesidade de exceptuar o requisito da idade en base a circunstancias de saúde ou sociais, a idoneidade como modalidade de atención dos servizos de atención residencial e a inexistencia da dispoñibilidade doutro tipo de recurso para a súa atención que se adapte ás súas necesidades, de acordo co establecido no artigo 5.2 do Decreto 149/2013, de 5 de setembro.

Disposición transitoria terceira. *Homologación á dependencia*

Aos efectos do establecido no artigo 14.3 do Decreto 142/2023, do 21 de setembro, é de aplicación o disposto na Disposición Adicional primeira do Real Decreto 174/2011 de 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Queda derogada a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Autorización de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular do órgano de dirección competente en materia de valoración da dependencia para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social e Igualdade

ANEXOS

"ANEXO I

Contías

Contía máxima das prestacións económicas do nivel de protección mínimo establecido pola Administración Xeral do Estado (euros/mes)			
Grao de dependencia	Prestación económica vinculada á adquisición de servizo	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Prestación económica de asistente persoal
Grao III	747,25 €	455,40 €	747,25 €
Grao II	445,30 €	315,90 €	747,25 €
Grao I	313,50 €	180,00 €	313,50 €

Non suposto da prestación económica vinculada ao servizo de atención residencial, a contía máxima para ou grao II será igual á establecida para ou grao III.

Non suposto da prestación económica vinculada ao servizo de centro de día, a contía máxima para ou grao I será igual á establecida para ou grao II.

Nivel adicional de protección da Comunidade Autónoma de Galicia

Non suposto da prestación económica vinculada ao servizo de axuda no fogar, as contías máximas establecidas serán as seguintes:

Contía do complemento nivel adicional da C.A. (euros/mes)				
Grao de dependencia	Prestación económica vinculada á adquisición do servizo de atención residencial	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Prestación económica de asistente persoal	Prestación económica vinculada á adquisición do servizo de axuda no fogar
Grao III	Complemento adicional de 100 € da contía total recoñecida	Complemento adicional do 10 % da contía total recoñecida	– Contía do complemento adicional da comunidade autónoma ata 1.865 €. – Incremento do complemento adicional da comunidade autónoma ata 2.085 € en períodos de especial dedicación.	1001,31 €
Grao II	Complemento adicional de 100 € da contía total recoñecida	Complemento adicional do 10 % da contía total recoñecida	– Contía do complemento adicional da comunidade autónoma ata 1.865 €. -Incremento do complemento adicional da comunidade autónoma ata 2.085 € en períodos de	596,70 €

			especial dedicación.	
Grao I	Complemento adicional de 100 € da contía total recoñecida	Complemento adicional do 10 % da contía total recoñecida		420 €

"ANEXO II

Contías mínimas das prestacións económicas

Contía mínima das prestacións económicas do nivel de protección mínimo establecido pola Administración Xeral do Estado (euros/mes)			
Grao de dependencia	Prestación económica vinculada á adquisición de servizo	Prestación económica para coidados na contorna familiar	Prestación económica de asistente persoal
Grao III	200 €	200 €	200 €
Grao II	150 €	150 €	150 €
Grao I	100 €	100 €	100 €

Contía mínima das prestacións económicas do nivel adicional de protección da Comunidade Autónoma de Galicia (euros/mes)				
Grao de dependencia	Prestación económica vinculada á adquisición do servizo de atención residencial	Prestación económica vinculada á adquisición dun servizo distinto ao servizo residencial	Prestación económica vinculada á adquisición do servizo de axuda non fogar	Prestación económica para coidados na contorna familiar
Grao III	A prestación económica mínima é o equivalente ao importe mínimo	-Carteira xeral 250,27 €	A contía mínima da prestación económica para a adquisición dun	A prestación económica do contorno familiar non poderá ser

	establecido polo Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia máis o complemento adicional da comunidade autónoma de 100 euros mensuais.	- Carteira específica 357,54 €	servizo de axuda non fogar será de 335,36 €	inferior a 416,66 €
Gráo II	A prestación económica mínima é o equivalente ao importe mínimo establecido polo Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia máis o complemento adicional da comunidade autónoma de 100 euros mensuais.	- Carteira xeral 150 € - Carteira específica 213,06 €	A contía mínima da prestación económica para a adquisición dun servizo de axuda no fogar será de 201 €	A prestación económica do contorno familiar non poderá ser inferior a 416,66 €
Gráo I	A prestación económica mínima é o equivalente ao importe mínimo establecido polo Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia máis o complemento adicional da	-Carteira xeral 105 € -Carteira específica 150 €	A contía mínima da prestación económica para a adquisición dun servizo de axuda no fogar será de 140,70 €	A prestación económica do contorno familiar non poderá ser inferior a 416,66 €

	comunidade autónoma de 100 euros mensuais.			
--	--	--	--	--